CONSIDERACIÓNS UGT GALICIA

PLAN DIRECTOR DA CONSTRUCIÓN NAVAL 2025-2027

Consideracións xerais

A diagnose do sector do naval resulta totalmente insuficiente neste Plan, centrado na análise xeral industrial e non na rama propiamente dita, polo que é preciso a ampliación deste apartado, fundamental para realizar o análise DAFO e proposta de medidas.

O Plan debe conter máis medidas dirixidas á retención de talento, mediante a calidade do emprego, en forma de rendas e estabilidade.

Ao longo do Plan se utiliza "Persoas" como ámbito de aplicación do Plan, sería máis convinte utilizar Persoas traballadoras e referencias a Autoemprego ou Emprego.

Consideracións particulares

Apartado 3.2 Plans directores sectoriais (páxina 16)

Na fase de lanzamento fai referencia á Declaración de sectores estratéxicos baseándose en distintas fontes de información, polo que se deberían ampliar os criterios de selección para escoller a estes sectores, xa que tal como aparece no texto é pouco preciso.

Apartado 4.1. Crecemento económico: VAB industrial (páxina 24)

En relación ao incremento do VEB industrial hai que concretar que é a prezos correntes, xa que de facerse sen o efecto prezo o incremento sería moito menor, o 2,7%.

Apartado 4.2 Emprego industrial (páxina 24)

Ao igual que se analiza o VEB industrial ao longo dun período que abarca dende 2009 ao 2023, sería interesante analizar o emprego industrial ao longo do mesmo período. Así se comprobaría que no ano 2009 o emprego industrial ascendía a 183.500 empregos e na actualidade hai 168.200 empregos.

Apartado 4.2.2. Caracterización das persoas ocupadas na industria galega (páxina 26)

Na gráfica para determinar o perfil da ocupación industrial, seria máis correcto utilizar o tramo de idade de 16 a 29 anos (tramo que se considera para as políticas da UE para o fomento do emprego xuvenil). O 9,8% da poboación ocupada no sector industrial ten menos de 30 anos.

Para comprobar se se trata de un sector con estabilidade no emprego se deberían utilizar as cifras de persoas asalariadas con contrato temporal e indefinido.

Apartado 4.2.3 Emprego industrial feminino (páxina 27)

O dato que se recolle no apartado de emprego industrial feminino de que as mulleres pasaron de 4.100 ocupadas en postos de técnicos das ciencias e enxeñarías de 2002 a 2023 é un dato do total de todos os sectores, non do sector industrial do que non hai datos publicados.

Apartado 5. Análise da situación actual do sector da construción naval (páxina 33)

Na páxina 34 nos principais elos da cadea de valor, ¿non se debería alomenos mencionar o sector pesqueiro, como sector primario?

Apartado 5.2 Magnitudes sectoriais (páxina 35-36)

Deberíase analizar un maior número de magnitudes sectoriais do sector da construción naval, sendo a produtividade unha delas.

A fonte de información para o cálculo das magnitudes sectoriais debe ser unha fonte oficial, o IGE, o Instituto Galego de Estatística é o que ten que proporcionar datos tales como o PIB, o emprego, a produtividade, etc, máis aínda cando as cifras do sector analizado teñen repercusións sobre a cuantificación dos Plans.

Apartado 5.4. DAFO (páxina 42)

No apartado de Factores internos. Fortalezas. falta mencionar o Campus de Ferrol como fortaleza, especializado no naval.

No apartado Factores internos. Debilidades. O punto 1 Problemática para a captación e retención de talento, non estamos de acordo, xa que se constata con datos obxectivos todo o contrario, a fuga de talento a outras CCAA e países por falta de oportunidades en Galicia.

O punto 11 relativo a Rixidez normativa e escaso proteccionismo a nivel europeo, en comparación co que se outorga noutros países do mundo, ten mellor encaixe como Factores externos.

Apartado 10 Marco Económico financeiro e Planificación (páxina 77)

Diferenciar as axudas xa existentes en anos anteriores dos novos compromisos derivados do Plan.

Apartado 11.6 Cadro de mando e indicadores de seguimento

Indicadores Estratéxicos (páxina 94)

Nos indicadores estratéxicos de seguimento non ten sentido VEB industrial, emprego industrial, etc., senón que debera ser do sector da construción naval xa que podería darse o caso de que o sector naval perdera emprego e/ou VEB, pero como outros sectores medraran nesas variables o resultado de seguimento fora satisfactorio cando a realidade é a contraria. Un erróneo seguimento levaría ao fracaso das medidas deste plan.

Indicadores de Execución (páxina 97)

Ao igual que no apartado anterior os indicadores de seguimento deben ser referidos a esta rama industrial e non ao sector industrial.

No indicador incentivos á contratación persoas menores de 25 anos debera poñer menores de 30 anos (A orde 19 de xaneiro de 2024 está dirixida a persoas que teñan menos de 30 anos)

Outras Medidas

E fundamental para UGT o impulso da redución dos coeficientes redutores nesta rama de actividade.

E preciso superar a atomización da industria auxiliar da construción naval, co fin de que a coordinación de actividades sexa máis manexable para reducir as altas taxas de sinistralidade.